

A Asamblea xeral da ONU proclamou o ano 2011 como o *Ano Internacional da Química*, coincidindo co centenario da concesión do Premio Nobel a Marie Curie polas súas aportacións á Química, e co da fundación da Asociación Internacional de Sociedades Químicas. A celebración pretende concienciar á sociedade sobre as contribucións fundamentais da Química ao progreso e benestar da humanidade.

A Universidade de Santiago de Compostela participa desta conmemoración, e entre as distintas actividades organizadas ao longo do ano, a *Facultade de Química*, e o *Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)* anuncian a apertura das súas portas para a celebración dunhas xornadas dirixidas a alumnos de ensino secundario.

As xornadas pretenden achegar aos máis novos unha visión actual e atractiva da investigación en Química e a importancia desta ciencia no desenvolvemento científico e tecnolóxico global. Por outra banda, preténdese transmitir á sociedade unha visión da actividade que se desenvolve na USC no ámbito da química, e da contribución desta ciencia no contexto do desenvolvemento do *Campus de Excelencia Internacional – CAMPUS VIDA*.

Información e contacto:

Facultade de Química
Avda. das Ciencias sn
Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881814256
e-mail: zquideca@usc.es

Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)
c/ Jenaro de la Fuente s/n (esquina Av. Mestre Mateo)
Campus Vida - 15782 Santiago de Compostela
Telf: 881815702 / 881815700
e-mail: ciquis@usc.es

Atenderase as solicitudes dos centros por rigorosa orde de entrada

Colaboran:



¡ACÉRCATE Á QUÍMICA!

Xornadas de portas abertas 23,24,25 Novembro 2011

Facultade de Química
e

Centro Singular de Investigación
en Química Biolóxica e Materiais
Moleculares (CIQUS)



Ano Internacional da
QUÍMICA
2011




A Facultade de Química

A Facultade de Química da USC naceu como tal no ano 1977, a partir da sección de Química da Facultade de Ciencias, que á súa vez fora creada no ano 1922. A Facultade de Química encóntrase entre as mellores da España, tanto en docencia como como investigación.




O CIQUS e o seu entorno


O CIQUS iniciou á súa actividade en febreiro de 2010, coma un dos integrantes da *Rede de Centros Singulares de Investigación* do *Campus de Excelencia Internacional - CAMPUS VIDA*. Integra a uns 20 grupos de investigación, e o seu obxectivo é contribuir á resolución, desde unha perspectiva interdisciplinar, de problemas científica e tecnoloxicamente relevantes nos ámbitos da química biolóxica e do desenvolvemento de novos materiais funcionais.



CÓMO CHEGAR




Entre os talleres e actividades inclúense:



Na Facultade de Química:

- **Presentación** da oferta de estudos e actividades da Facultade de Química da USC.
- **Entre Moléculas.** Visita á exposición Entre Moléculas, elaborada polo CSIC cunha visión amena, divulgativa e didáctica da química.



No CIQUS

- **A maxia da Química.** Demostracións de sinxelos experimentos químicos e os seus espectaculares resultados.... Realizadas por persoal experto que explicará o fundamento científico de cada un deles.
- **O laboratorio de Química.** Visita a un moderno laboratorio de química: instalacións, equipos e técnicas habituais na investigación química actual.
- **Instrumentación científica.** Visita guiada ás instalacións que albergan algúns dos sofisticados equipos requeridos para o análise, estudo estrutural e/o manipulación en condicións especiais dos compostos e materiais.
- **Química: a nosa vida, o noso futuro.** Proxección continuada de videos divulgativos realizados polas diversas institucións internacionais implicadas na celebración do Ano Internacional da Química 2011.

